

GAÑADORA na categoría de PRIMARIA

CRIS ANGÉLICA PARADA DE JESÚS

CEIP de Corvillón, Cambados

O DEBUXO

Trazo unha liña, outra e outra, ata trazar catro. Collo outra cor, e trazo seis liñas paralelas. Collo o lapis, e debuxo unhas curvas de arriba a abaixo e collo o rotulador. A mestra pasa polo meu lado mirando con interese o meu cadro. Eu non lle dou importancia e sigo ao meu.

Collo un pincel e mólloo nunha pintura de cor azul. Salpico sobre as liñas que debuxara e collo a regra, gústame moito usala para os meus debuxos. Con ela, fago un cadrado no medio e medio do lenzo. Logo collo o compás e fago dous círculos; un está dentro do cadrado, e o outro ocupa todo o lenzo. Volvo coller o pincel, e repaso o círculo grande coa cor vermella, e o pequeno coa amarela.

A mestra volve pasar polo meu lado e queda abraiada co concentrada que estou. Marcha do meu lado, pero eu nin me decato. Estou centrada no cadro, e non me podo desconcentrar; de repente, a un neno cáelle o cadro ao chan, e pega un berro moi forte. Eu empezo a poñerme nerviosa; non me gustan os sons fortes. Collo un rotulador de cor rosa e fago un borrancho, e, moi nerviosa, tiro o rotulador ao chan. A profesora vén inmediatamente para tranquilizarme e consígueo. Despois dun anaco, sigo ao meu.

Aos cinco minutos ou ás tres horas, a mestra manda entregar os traballos e eu son a primeira en darlle o meu debuxo de plástica. Ela ensina todos os debuxos. Case todos debuxaran flores, bonecas ou casas das árbores. Eu só pinteí un garabato, que, na miña cabeza, parecía o máis fermoso que poidas imaxinar.

Eu só son unha nena con autismo. Non sei controlar as cousas por fóra, pero por dentro enténdome moi ben.